



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA
XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CANDIDATA A GRUPO DE ACCIÓN
LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO
SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR” PARA A ELABORACIÓN
DUNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO
NO PERIODO DE PROGRAMACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E
DE PESCA (FEMP) 2014-2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección xeral ten previsto formalizar coa asociación candidata a Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro “Grupo de Acción local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata a aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo pola Consellería do Mar.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas





ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, establece no Título III, Capítulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) se levará a cabo a través de estratexias de desenvolvemento local integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 28 de outubro de 2016

